



PLAN DIXITAL

CEIP San Isidro

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.- Introducción

1.1. Datos básicos do centro.

COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA SAN ISIDRO	
Enderezo: Lugar Roseira, 1	Teléfonos: 881930404/05
Localidade: Neda	Fax: 881930406
Provincia: A Coruña	Etapas Educativas: Infantil e Primaria
Correo electrónico: ceip.sanisidro@edu.xunta.gal	
Páxina web: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro/	

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

Tras a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, faise necesario establecer un instrumento que favoreza e impulse o uso de medios dixitais, así como dunhas medidas de actuación que dean resposta á realidade dixital do noso centro servindo estas de referencia para toda a comunidade educativa.

Esta ferramenta concretarase no que coñeceremos como *Plan Dixital* do centro, o cal nace este mesmo curso escolar 2021- 2022 para a súa posta en práctica no vindeiro curso.

A elaboración do Plan Dixital rexerase por uns obxectivos básicos que teñen como finalidade facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos, optimizando a xestión de recursos humanos e materiais do centro, promover o uso de ferramentas de avaliación e diagnose no centro con respecto á competencia dixital, mellorar a competencia dixital de toda a comunidade educativa

creando un centro dixitalmente competente e, por último, definir o equipo responsable de dinamización de dito plan xunto coas súas funcións.

O Plan Dixital contribuirá ao noso Proxecto Educativo, tal como o fan outros plans e proxectos do centro. Actualmente, contamos cunha traxectoria progresiva no ámbito tecnolóxico-dixital. No centro desenvólvense proxectos que contribúen ao desenvolvemento da competencia dixital. Estes son:

- ✓ Participación no Programa **E-Dixgal** en 5º e 6º de Educación Primaria (dende hai tres anos). Implantación do libro dixital nestes dous cursos.
- ✓ Internacionalización do centro, **Erasmus+**. Participamos nunha liña de traballo, que ten como obxectivo a aprendizaxe a través da dixitalización “*Tic, Tac mellorando a nosa competencia dixital en Europa*”. Trátase dun Erasmus+ KA1 con tres mobilidades: Cardiff, Dijon e Núremberg.
- ✓ **Aulas Virtuais**: temos creadas en todos os cursos educativos diferentes aulas virtuais, onde os alumnos/as poderán acceder a contidos exclusivos que os mestres/as suban en cada momento. Todo o alumnado do centro está dado de alta para o acceso a ditas aulas.
- ✓ **PFPP**: O plan de formación do profesorado que se establece no centro conta con actividades relacionadas directamente coa robótica e a dixitalización.
- ✓ **Educa en Dixital Galicia**: o centro recibiu kits portátiles de préstamo co obxecto de romper coa fenda dixital pola que algúns alumnos/as se ven privados.
- ✓ **Aula de informática do centro**: os alumnos/as fan uso dos recursos informáticos acompañados polo mestre/a titor/a ou especialistas.
- ✓ **Outros**: uso de medios dixitais para a comunicación diaria entre a comunidade educativa a través de *AbalarMóbil*, *páxina web* do centro ou *correo electrónico*.

En canto á realidade sociocultural e económica do contexto no que se atopa o centro podemos destacar que o alumnado corresponde a un medio semi-urbano cun nivel

socioeconómico medio e medio-baixo. Unha gran maioría vive na vila onde se localiza o centro e algúns deles precisan de transporte escolar para acudir ao mesmo. O colexio non destaca por ter unha heteroxeneidade cultural e a cantidade de alumnado inmigrante non é representativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

O presente Plan Dixital enmárcase nunha normativa clara que alude, de forma xenérica, ao desenvolvemento da competencia dixital e, de xeito máis concreto, á elaboración do propio plan.

A normativa que o contextualiza é a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
 - ✓ A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, e, Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
 - ✓ “Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*
 - ✓ Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración.

O Plan Dixital de centro basease nunha serie de principios e obxectivos que teñen como finalidade dar unha resposta á realidade social e dixital do noso centro.

Ao longo deste curso 2021/2022, realizamos unha recollida de información a través do informe de análise da situación do centro en canto ao uso das tecnoloxías dixitais (infraestrutura, liderado e gobernanza, procesos de ensino e avaliación, procesos formativos en competencia dixital docente,...). Do mesmo xeito, dispuxemos dunha ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, deseñada para axudar aos centros educativos a integrar as tecnoloxías dixitais na docencia, no aprendizaxe e na avaliación do alumnado. A través deste informe SELFIE puidemos destacar que é o que funciona no centro, que aspectos son precisos mellorar e cales deberían de ser prioritarios. A continuación sinalamos a participación no mesmo dos diferentes sectores:



A partir desta autoavaliación podemos entender en que punto se atopa o centro para comezar a elaborar un plan de acción e dar resposta a todas as necesidades que se nos presentan. Unha vez consolidado o SELFIE, pasamos á realización do Test CDD (Competencia Dixital Docente). A participación docente na elaboración do test CDD foi do 68,4% do profesorado total do centro. Permittunos obter un informe individual dos mestres/as participantes coa valoración global do seu nivel competencial (dun A1 a C2), permitiéndonos planificar a formación persoal que atenda a cada un dos docentes, ás súas capacidades e a liña de formación a través dos PFPP.

Como último punto e como recompilación de datos e reflexión, identificamos e analizamos, a partir do informe SELFIE, as Debilidades, Amezas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) do centro, que nos serviron como guía para a elaboración das liñas fundamentais e obxectivos, redactados máis adiante, deste Plan Dixital.

O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. É por iso que faise necesario establecer unha recollida de datos exhaustiva e así realizar un Plan Dixital o máis realista posible, acorde ás necesidades do noso centro e do seu entorno próximo.

Deste xeito, no vindeiro curso escolar 2022/2023, farase efectiva a aplicación e posta en práctica do plan.

PLAN DIXITAL



Imaxe: Temporalización da elaboración do Plan Dixital

2.- Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.

Infraestrutura Dixital do centro

No CEIP San Isidro contamos, actualmente, coas aulas dixitalizadas tanto na etapa de infantil como primaria. Todas elas están dotadas con encerados dixitais interactivos, agás 1º de primaria e música, proxectores con equipos no posto dos mestres/as e conexión á rede de datos do centro. Contamos cunha velocidade superior a 100 Mbps, a través de “Escolas Conectadas”.

A conectividade no centro é a través de cable, pero grazas a participación do centro no proxecto E-Dixgal dotáronos de dous puntos wifi no centro.

Equipamento dispoñible

- ✓ Aulas Dixitalizadas: temos dixitalizadas todas as aulas de infantil e primaria, agás as aulas de primeiro de educación primaria e educación musical e artística. En todas as aulas contamos cun posto de ordenador para o mestre/a.
- ✓ Aulas E-Dixgal: participamos no proxecto E-Dixgal implantado este nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria. Ambas aulas están totalmente dixitalizadas. Cada neno/a ten o seu equipo portátil ao igual que os mestres/as que imparten clase neses cursos. O profesorado organiza, seguindo uns criterios pedagóxicos e metodolóxicos, materiais e recursos didácticos estruturados para o aprendizaxe do alumnado, dentro dun proceso planificado e organizado.

O Servizo Premium é o encargado do mantemento dos dispositivos así como das incidencias xurdidas.

- ✓ Equipos de Xestión e Administración: a dotación informática do Equipo Directivo do centro foi enviada pola Consellería hai catro cursos escolares.

- ✓ **Biblioteca**: na biblioteca contamos cun posto de mesa o cal se emprega para o empréstimo, devolución e catalogación de libros a través do programa Meiga. Na biblioteca non contamos con ordenadores de consulta para o alumnado.
- ✓ **Sala de mestres/as**: existen dous ordenadores de mesa para o uso exclusivo do profesorado. Ambos conectados en rede coas fotocopiadoras do centro.
- ✓ **Aula de informática**: arredor de doce postos dixitais son os que forman a aula de informática. Son ordenadores de mesa moi antigos e dan moitos problemas. A Amtega foi a encargada de realizar o último mantemento hai dous cursos.

Servizos Dixitais Educativos

No centro realizamos toda a xestión a través das plataformas da Consellería: **Xade**, **Contratos-Programa**, **Portal do Director**, uso do **correo electrónico** corporativo da Xunta para comunicacións internas e externas, envío de documentación a través de **Xuntarquivos**, xestión da Biblioteca Escolar a través do programa **Meiga** para o empréstimo, devolución e catalogación de libros, utilización de ferramentas **Moddle** e **Aulas Virtuais**, **E-Dixgal**, **FPROFE**, emprego do **espazoAbalar** e **Abalarmóbil** para o contacto coas familias, **páxina web** do centro..., entre outros.

Xestión do mantemento do equipamento do centro

A xestión de mantemento do equipamento do centro corría a cargo de empresas externas contratadas polo centro. Dende hai un par de anos, este mantemento establécese a través da AMTEGA. De todos os xeitos, temos de man un negocio local da zona que nos subministra produtos de informática e de ofimática de primeira necesidade que non cubre a Consellería.

Enlaces a protocolos do centro:

- Actualizacións Protocolos Covid:
 - ✓ <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro/taxonomy/term/226->
- Protocolo Covid e Plan de Continxencia:
 - ✓ <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro/node/1244>
- Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro:

- ✓ <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro/node/1145>
- Proxecto Educativo de Centro:
- ✓ <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanisidro/system/files/PEC.pdf>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

a) Inclúese, a continuación, un resumo das áreas do informe SELFIE realizado no centro, que nos permite observar, dunha ollada, a media das respostas de cada un dos tres grupos participantes nas oito áreas avaliadas:



F Pedagogía: Implementación na aula



G Prácticas de avaliación



H Competencias dixitais do alumnado



b) Outra fonte de información foi o Test de Competencia Dixital Docente (CDD), realizado polo profesorado. A participación, atendendo ao seu perfil foi a seguinte:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	12	50%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	-	-	-

Podemos ver no seguinte cadro a puntuación e o nivel de competencia do centro obtidos no Test CDD:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,8	Integradora (B1)	76,4	Integradora (B1)

A Puntuación e o nivel de competencia por etapas son os sinalados a continuación:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	77,5	Integradora (B1)	66,2	Integradora (B1)
PRI	95,7	Integradora (B1)	77,3	Integradora (B1)

A distribución do profesorado por niveis é a que segue:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	6	46.1%
B1	4	30.8%
B2	2	15.4%
C1	1	7.7%
C2	-	-
TOTAL	13	100.00%

2.3 Análise DAFO

A análise DAFO é unha ferramenta que estuda as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades).

Este análise realizouse coa maior claridade e sinceridade, expoñendo a realidade específica e actual do centro. Os resultados do mesmo sinálanse a continuación:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Temos dispositivos dixitais para o seu uso no ensino. - Facilitase o acceso a internet para ensino e aprendizaxe. - Hai dispositivos dixitais propiedade do centro que o alumnado pode utilizar cando os necesita. - O alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso a tecnoloxías asistenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non existen sistemas de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Explóranse novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. - Avaliáanse os progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - Debátase sobre as necesidades de DPC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. - Accédese a posibilidades de DPC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. - Búscanse recursos educativos dixitais en liña. - Créanse recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza. - Utilízanse as tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro. - Utilízanse as tecnoloxías dixitais para adaptar os métodos de ensino ás necesidades individuais do alumnado. - Utilízanse actividades de aprendizaxe dixitais que fomentan a creatividade do alumnado. - Realízanse actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado. - Outórgase recoñecemento ao traballo dos demais. - Aprendemos a comunicarnos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non se dispón de tempo para explorar como mellorar os métodos de ensino con tecnoloxías dixitais. - Non se debate sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - Non empregamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. - Non intercambiamos experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. - Non utilizamos contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. - Non utilizamos tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. - Non fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios utilizando tecnoloxías dixitais. - Non utilizamos tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. - Non utilizamos tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación adecuada ao alumnado. - Non utilizamos tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre o seu aprendizaxe. - Non utilizamos tecnoloxías dixitais para que o alumnado poda realizar observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros. - O alumnado non aprende a dar crédito ao traballo de outras persoas que atopa en internet.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Búscanse recursos educativos dixitais en liña. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non se intercambian experiencias sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.

		<ul style="list-style-type: none"> - Créanse recursos dixitais para reforzar o seu labor de ensino. - Empréganse tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non se empregan tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitase o acceso a internet para ensino e aprendizaxe. - Dispónse de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais. - Hai dispositivos dixitais propiedade do centro que o alumnado pode utilizar cando os necesita. - O alumnado aprende a actuar de maneira segura en internet. - O alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet. - O alumnado aprende a comprobar se a información que encontra en internet é fiable e precisa. - O alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non empregamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Apóiase ao profesorado para que exploren novas formas de ensinar mediante tecnoloxías dixitais. 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Dispónse no centro de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais. - O alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso a tecnoloxías asistenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non contamos cunha estratexia dixital. - Non se desenvolve a estratexia dixital. - Non se dispón de tempo para explorar como mellorar os métodos de ensino con tecnoloxías dixitais. - Non avaliamos os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - Non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - A infraestrutura dixital respalda a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - Hai dispositivos dixitais para o seu uso no ensino. - Facilitase o acceso a internet para ensino e aprendizaxe. - Dispónse de de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non contamos cunha estratexia dixital.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Respéctanse os dereitos de autor e as licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para o ensino e aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non existen sistemas de protección de datos.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - Utilízanse as tecnoloxías dixitais para as comunicacións relativas ao centro. 	
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - A infraestrutura dixital respalda o ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non utilizamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. - Non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.

3.- Plan de Acción

3.1.- Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": Organización do centro					
1. OBXECTIVO (1):	Constituír un equipo TIC, que se responsabilice da implantación do Plan Dixital do centro				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo directivo. Coordinador TIC. Equipo TIC				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de obxectivos contidos no Plan Dixital que se acadan á finalización do curso 2022/2023 é, polo menos, do 50 % dos propostos				
Valor de partida (3)	O centro non conta cun plan dixital nin cun equipo TIC				
Valor previsto e data (4)	Un mestre de cada ciclo integra o equipo TIC			Xuño 2023	
ACCIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Nomeamento dun coordinador TIC	Xefatura de estudos	Setembro 2022	Liberación horaria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Formación dun equipo tic, con por mestres de cada ciclo	Xefatura de estudos	Setembro 2022	Calendario de reunións		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Elaboración dun plan de traballo para todo o curso que se incluírá na PXA	Coordinador TIC	Outubro 2022	Integrantes do equipo TIC. Equipamento informático do centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": Organización do centro						
2. OBXECTIVO (1):	Mellorar os documentos do centro, en relación coa integración das TIC				Acadado	
RESPONSABLE (2):	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Intégrase o Plan Dixital nos diferentes documentos do centro.					
Valor de partida (3)	Non se integra o Plan Dixital nos documentos do centro					
Valor previsto e data (4)	O Plan Dixital intégrase nos diferentes documentos do centro.			Xaneiro 2023		
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Revisión e actualización do PEC, NOF, Concrecións curriculares	Equipo directivo	Cada curso no mes de setembro			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Aprobación dos documentos do centro polos órganos competentes	Director/a	Cada curso no mes de outubro			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Avaliación anual dos documentos	Equipo directivo	Cada curso no mes de xuño			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Organización do centro						
3. OBXECTIVO (1):	Mellorar a práctica docente a través do uso das TIC				Acadado	
RESPONSABLE :	Todo o claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de profesorado que utiliza trimestralmente medios dixitais é do 50%.					
Valor de partida (3)	Un 10% do profesorado utiliza trimestralmente medios dixitais para a docencia					
Valor previsto e data (4)	50% do profesorado do centro			Xuño de 2023.		
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Uso das TIC para a docencia (Cañón, pizarra dixital, aula de informática, tablets,...)	Todo o Claustro	Todo o curso	Equipamento informático do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Diseñar propostas metodolóxicas que fomenten o uso das TIC	Todo o Claustro	Todo o curso	Ordenadores e tablets con acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Ofrécense materiais para atender á diversidade	Departamento de orientación Claustro	Todo o curso	Equipamento informático do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Organización do centro						
4. OBXECTIVO (1):	Actualizar e renovar o equipamento informático do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de equipamento informático de uso do profesorado e do alumnado (actualizados, con antivirus, software libre e acceso a Internet) é do 50%					
Valor de partida (3)	Menos do 25% do equipamento informático do centro está actualizado, ten antivirus, software libre e acceso a Internet.					
Valor previsto e data (4)	50% do equipamento informático do centro cumpre os parámetros sinalados			Xuño de 2023.		
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Renovación, reparación, actualización ou substitución do equipamento informático das aulas (tanto o do profesorado como o do alumnado)	Equipo directivo	Terceiro trimestre	Orzamento do colexio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Organización do centro						
5. OBXECTIVO (1):	Mellorar a rede wifi de acceso a Internet e estendela a todo o centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo. Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de espazo con cobertura wifi no centro é do 100%					
Valor de partida (3)	O 25% do centro non ten cobertura de rede wifi					
Valor previsto e data (4)	100% do centro ten cobertura de rede wifi			Xuño de 2023.		
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Instalación dos aparellos necesarios para acadar que a cobertura wifi sexa total no centro.	Equipo directivo. Coordinador TIC	Primeiro trimestre	Orzamento do colexio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Organización do centro						
6. OBXECTIVO (1):	Actualizar o deseño e os contidos da web do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo. Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A cantidade de contidos que se inclúen na web do centro é (cando menos) de un á semana.					
Valor de partida (3)	Cada mes se inclúen dous contidos na web do centro.					
Valor previsto e data (4)	Incluíronse uns 35 contidos na web do centro			Xuño de 2023.		
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Modificación do deseño da web e introdución de contidos con informacións actuais e relevantes, aparte de incluír documentos e documentación do centro (PXA, NOF, Plans, programación ...)	Equipo directivo. Coordinador TIC	Terceiro trimestre	Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": O profesorado							
7. OBXECTIVO (1):	Subir contidos trimestral/semanalmente á aula virtual do centro e ao EVA					Acadado	
RESPONSABLE :	Profesorado. Responsable TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de profesorado que sube contidos trimestralmente á aula virtual do centro é do 50%. A porcentaxe de profesorado Edixgal que sube semanalmente a contidos ao EVA é do 50%.						
Valor de partida (3)	Un 10% do profesorado sube contidos trimestralmente á aula virtual do centro Un 10% do profesorado Edixgal sube contidos semanalmente ao EVA						
Valor previsto e data (4)	50% do profesorado do centro				Xuño de 2023.		
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO7.1: Detección de necesidades de formación ou asesoramento.	Profesorado. Responsable TIC	Meses de setembro e outubro	Equipamento informático do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO7.2: Creación na aula virtual do centro dunha materia con recursos, enlaces e formación para o profesorado.	Responsable TIC	Meses de setembro e outubro	Equipamento informático do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

A07.3: Subida de materiais e contidos á aula virtual do centro (trimestralmente), ao EVA (semanalmente) por parte do profesorado.	Profesorado	Terceiro trimestre	Equipamento informático do centro. Equipamento Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": O profesorado							
8. OBXECTIVO (1):	Proporcionar aos docentes espazos e tempos para compartir experiencias que axuden a traballar en modo colaborativo					Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado. Responsable TIC. Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de profesorado que sube comparte trimestralmente experiencias e recursos na aula virtual do centro é do 50%.						
Valor de partida (3)	Un 10% do profesorado sube contidos trimestralmente á aula virtual do centro						
Valor previsto e data (4)	50% do profesorado do centro				Xuño de 2023.		
ACCIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO8.1: Establecer un espacio dixital para o intercambio de experiencias entre os docentes	Coordinador tic Equipo directivo	Todo o curso	Paxina web, aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO8.2: Difundir as experiencias e os recursos nas diferentes reunións dos equipos docentes para promover a colaboración do profesorado	Claustro. Equipo directivo	Todo o curso	Paxina web, aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO8.1: Propoñer liñas de aprendizaxe nos PFPP relacionadas coa competencia dixital	Equipo directivo	Principio de curso	Equipamento informático do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": O profesorado							
9. OBXECTIVO (1):	Realizar procedementos de avaliación ao alumnado e de autoavaliación usando as TIC					Acadado	
RESPONSABLE :	Profesorado.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de profesorado que avalía ao alumnado ou se autoavalía usando as TIC é do 50%						
Valor de partida (3)	Un 10% do profesorado avalía ao alumnado e se autoavalía usando as TIC						
Valor previsto e data (4)	50% do profesorado do centro				Xuño de 2023.		
ACCIÓNNS QUE SE VAN DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO9.1: Coñecemento e uso de diversas ferramentas e procedementos de avaliación ao alumnado e de autoavaliación.	Profesorado	Terceiro trimestre	Equipamento informático do centro. Diferentes programas e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado e as familias						
10. OBXECTIVO (1):	Coñecer e utilizar os recursos dixitais do centro (Aula virtual e EVA).				Acadado	
RESPONSABLE :	Titores, profesorado do equipo TIC, coordinador Edixgal.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de alumnado e familias que acceden trimestralmente a contidos da aula virtual do centro é do 50%. A porcentaxe de alumnado que accede semanalmente a contidos do EVA é do 100%.					
Valor de partida (3)	Un terzo do alumnado e familias accede trimestralmente á aula virtual do centro. Entre un 10% e un 20% do alumnado EVA non accede semanalmente á plataforma.					
Valor previsto e data (4)	50% do alumnado e/ou familias do centro / 100% do alumnado do terceiro ciclo			Xuño de 2023.		
ACCIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO10.1: Reunións informativas co alumnado de segundo e terceiro ciclos de ep e coas familias do alumnado de educación infantil e primeiro ciclo de primaria acerca do funcionamento da aula virtual do centro.	Titores e profesorado do equipo TIC	Primeiro trimestre	Equipamento informático do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO10.2: Reunións informativas co alumnado de terceiro ciclo de ep e coas familias do alumnado de cuarto de educación primaria acerca do funcionamento do EVA.	Coordinador Edixgal	Mes de setembro	Equipamento Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado e as familias						
11. OBXECTIVO (1):	Aprender e reforzar xeitos seguros de actuación no uso das tecnoloxías dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE :	Profesorado. Plan director. Profesorado Edixgal. Concello de Neda.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe do alumnado que presenta un comportamento seguro e responsable no emprego das tecnoloxías dixitais é do 75%.					
Valor de partida (3)	Un terzo do alumnado amosa comportamentos seguros e responsables no uso das tecnoloxías dixitais.					
Valor previsto e data (4)	75% do alumnado.			Xuño de 2023.		
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO11.1: Información ao alumnado Edixgal sobre as características e a necesidade dun comportament o seguro e responsable no uso das tecnoloxías dixitais	Profesorado Edixgal	Primeiro trimestre	Equipamento Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO11.2: Información ao alumnado e familias da necesidade de verificar a calidade da información obtida na Internet e o risco dun uso excesivo das redes sociais.	Profesorado, Plan director	Terceiro trimestre	Equipamento informático do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.3: Formación ao alumnado en habilidades sociais e o uso da Internet.	Concello de Neda	Terceiro trimestre	Equipamento informático do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado e as familias						
12. OBXECTIVO (1):	Utilizar as tecnoloxías dixitais para facilitar, reforzar e ampliar as aprendizaxes.				Acadado	
RESPONSABLE :	Profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de alumnado que interactúa trimestralmente con contidos da aula virtual do centro é do 50%. A porcentaxe de alumnado que interactúa semanalmente con contidos do EVA é do 100%.					
Valor de partida (3)	Un terzo do alumnado interactúa trimestralmente con contidos da aula virtual do centro. Entre un 10% e un 20% do alumnado EVA non interactúa semanalmente coa plataforma.					
Valor previsto e data (4)	50% do alumnado do segundo ciclo / 100% do alumnado do terceiro ciclo		Xuño de 2023.			
ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A012.1: Formación ao alumnado en habilidades para o uso de tecnoloxías dixitais, e a súa aplicación como ferramentas que facilitan, reforzan e amplían as súas aprendizaxes.	Profesorado	Terceiro trimestre	Equipamento informático do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2.- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

a) Infraestruturas tecnolóxicas.

A **conexión cableada que existe no centro é moi boa**, e proporciona a velocidade axeitada para que os dispositivos conectados a ela naveguen pola Internet sen dificultades. Non obstante dita conexión non chega á totalidade de espazos do centro, polo que hai varias áreas nas que non existe conectividade.

Para tratar de mellorar a conexión destes lugares sen acceso á rede, dende o propio centro se adquiriron e instalaron dispositivos que permiten o acceso á Internet vía wifi, así dotouse este curso á biblioteca, aula de música, relixión, 6º de educación infantil e 1º de primaria.

Non obstante aínda existen **diversas áreas no centro sen conectividade, como por exemplo a sala de mestres, algunhas aulas da planta baixa e a sala de usos múltiples.**

No contexto actual de mellora das infraestruturas tecnolóxicas e o acceso a Internet **sería moi necesario dotar ás devanditas áreas dun acceso non cableado a Internet.**

b) Equipamento.

Durante o vindeiro curso realizouse unha actualización do inventario do equipamento informático existente no centro. Como consecuencia deste traballo puidemos comprobar que a práctica totalidade dos PCs dos que se dispón son moi anticuados, os seus sistemas operativos, na maioría dos casos, están sen actualizar e é practicamente é imposible utilízalos para realizar traballos en rede (compartir arquivos ou imprimir).

A continuación reflectimos o equipamento dispoñible no centro:

Ubicación	Despacho de dirección
Nome do equipo	DIR
Marca	Lenovo
Monitor	Lenovo
Teclado	Lenovo
Rato	Lenovo
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP)
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Despacho de xefatura/secretaría
Nome do equipo	XEF
Marca	Lenovo
Monitor	Lenovo
Teclado	Lenovo
Rato	Lenovo
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP)
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Despacho de xefatura/secretaría
Nome do equipo	SEC
Marca	Lenovo
Monitor	Lenovo
Teclado	Lenovo
Rato	Lenovo
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP)
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Sala do profesorado
Nome do equipo	SM-1
Marca	Lenovo
Monitor	Hyundai
Teclado	Trust
Rato	Dell
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP)
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Sala do profesorado
Nome do equipo	SM-2
Marca	HP
Monitor	Hyundai
Teclado	HP
Rato	HP
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP)
Debe ser substituído	NON

* É imprescindible instalar, polo menos, dous equipos máis na sala do profesorado. Os que hai son claramente insuficientes.

Ubicación	Biblioteca
Nome do equipo	BIB
Marca	HP
Monitor	HP
Teclado	HP
Rato	HP
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Si (EPSON EPL-N3000)
Debe ser substituído	NON

* É imprescindible instalar, polo menos, dous equipos máis na biblioteca para o uso do alumnado.

Ubicación	Aula de 4º de EI
Nome do equipo	4EI
Marca	HP
Monitor	HP
Teclado	HP
Rato	DELL
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP)
Debe ser substituído	NON

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado.

Nome do equipo	4EI-E
Marca	Smart board

Nome do equipo	4EI-P (proxector)
Marca	Epson

Ubicación	Aula de 5º de EI
Nome do equipo	5EI
Marca	DELL
Monitor	DELL
Teclado	DELL
Rato	Logitech
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	SI

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado. Tamén debe ser renovado o actual.

Nome do equipo	5EI-E
Marca	Smart board

Nome do equipo	5EI-P (proxector)
Marca	Epson

Ubicación	Aula de 6º de EI
Nome do equipo	6EI
Marca	DELL
Monitor	Hyundai
Teclado	DELL
Rato	DELL
Sistema operativo	LINUX
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	SI

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado. Tamén debe ser renovado o actual.

Nome do equipo	6EI-E
Marca	Smart Board

Nome do equipo	6EI-P (proxector)
Marca	EPSON

Ubicación	Aula de 1º de EP
Nome do equipo	1EP
Marca	PACKARD BELL
Monitor	Hyundai
Teclado	DELL
Rato	DELL
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	Non
Debe ser substituído	SI

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado. Tamén debe ser renovado o actual e ten que instalarse unha pizarra dixital.

Nome do equipo	1EP-E
Marca	OLLO: É pizarra branca, non dixital

Nome do equipo	1EP-P (proxector)
Marca	Epson

Ubicación	Aula de 2º de EP
Nome do equipo	2EP
Marca	Multimedia Computer System
Monitor	Hyundai
Teclado	Vivanco
Rato	Trust
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	Non
Debe ser substituído	SI

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado. Tamén debe ser renovado o actual.

Nome do equipo	2EP-E
Marca	IQ Board

Nome do equipo	2EP-P (proxector)
Marca	Epson

Ubicación	Aula de 3º de EP
Nome do equipo	3EP
Marca	HP
Monitor	Portátil
Teclado	Portátil
Rato	Trust
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP)
Debe ser substituído	NON

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado.

Nome do equipo	3EP-E
Marca	Smart Board

Nome do equipo	3EP-P (proxector)
Marca	Epson

Ubicación	Aula de 4º de EP
Nome do equipo	4EP
Marca	HP
Monitor	HP
Teclado	Hama
Rato	Logitech
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	Si (Ricoh MP 3555ASP e Minolta C308 PCL)
Debe ser substituído	NON

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado.

Nome do equipo	4EP-E
Marca	IQ Board

Nome do equipo	4EP-P (proxector)
Marca	Epson

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-1
Marca	Dell
Monitor	Dell
Teclado	Dell
Rato	Dell
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-2
Marca	Dell
Monitor	Dell
Teclado	Dell
Rato	Logitech
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-3
Marca	Lenovo
Monitor	Acer
Teclado	Trust
Rato	Lenovo
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-4
Marca	Compusys
Monitor	Acer
Teclado	Trust
Rato	Dell
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-5
Marca	Compusys
Monitor	AOC
Teclado	Dell
Rato	Dell
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-6
Marca	ZIP
Monitor	HP
Teclado	Dell
Rato	Dell
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-7
Marca	
Monitor	Hyundai
Teclado	Trust
Rato	Logitech
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-8
Marca	
Monitor	HP
Teclado	Dell
Rato	Microsoft
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-9
Marca	Compusys
Monitor	Acer
Teclado	Logitech
Rato	Dell
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-10
Marca	Dell
Monitor	HP
Teclado	Dell
Rato	Logitech
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-11
Marca	Optiplex
Monitor	Hyundai
Teclado	Dell
Rato	Logitech
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

Ubicación	Aula de Informática
Nome do equipo	SI-12
Marca	ZIP
Monitor	Hyundai
Teclado	Dell
Rato	Logitech
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	NON
Debe ser substituído	NON

* Na aula de informática son necesarios, polo menos, seis novos equipos, para que cada alumno (da clase máis numerosa), dispoña do seu propio equipo de traballo.

Ubicación	Aula de Música
Nome do equipo	MUS
Marca	Acer
Monitor	Acer
Teclado	Acer
Rato	-
Sistema operativo	Windows
Conexión con fotocopiadora	Non
Debe ser substituído	NON

Nome do equipo	MUS-P (proxector)
Marca	Epson

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado. Tamén é necesario dotar á aula de música dun encerado dixital.

Ubicación	Aula de Relixión
Nome do equipo	REL
Marca	
Monitor	Hyundai
Teclado	DELL
Rato	DELL
Sistema operativo	Linux
Conexión con fotocopiadora	Non
Debe ser substituído	NON

* É imprescindible instalar, polo menos, outro equipo máis nesta aula para o uso do alumnado. Tamén debe ser renovado o actual.

RESUMO DAS NECESIDADES DE EQUIPAMENTO

Tipo de equipamento	Ubicación
2 PCs	Sala de mestres
2 PCs	Biblioteca
1 PC	4º de EI
2 PCs	5º de EI
2 PCs	6º de EI
2 PCs	1º de EP
Pizarra dixital	1º de EP
2 PCs	2º de EP
1 PC	3º de EP
1 PC	4º de EP
6 PCs	Aula de informática
1 PC	Aula de música
Pizarra dixital	Aula de música
2 PCs	Aula de relixión / inglés
1 PC	Departamento de orientación
1 PC	Aula de PT
1 PC	Aula de AL

En resumo, necesítanse no centro 2 pizarras dixitais e 27 novos Pcs (ou similar).

4.- Avaliación do Plan Dixital

4.1. Seguimento do Plan de Acción

O presente Plan Dixital leva inherentes uns indicadores de logro e uns obxectivos específicos para ser levados a cabo á práctica con carácter anual. Deste modo, faremos un seguimento do seu cumprimento, o cal nos dará como resultado unha avaliación dos progresos de dito plan.

Grazas á avaliación comprobaremos se os indicadores e os obxectivos seguiron unha orde de consecución e se foron acadados ou non, para así poder realizar os axustes precisos de cara unha mellora na súa aplicación práctica.

Ao final de cada trimestre realizarase un informe dos resultados da avaliación que formará parte da Memoria Anual do centro. Esta avaliación procesual incluírá o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos que consideraremos incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

No contexto de mellora continua e alimentación permanente do Plan Dixital, aparte dos momentos sinalados con anterioridade, en canto ao seguimento e avaliación (trimestral e anualmente), valoraranse as propostas que se reciban por parte dos diferentes sectores que integran o centro, tomaranse en conta e incorporaranse, na medida das posibilidades de encaixe das mesmas no Plan Dixital.

5.- Difusión do Plan Dixital

A estratexia que se utilizará para favorecer a publicidade e a difusión deste Plan Dixital entre toda a comunidade educativa consistirá en incluílo na páxina web do centro e informar ás familias do alumnado da existencia do mesmo e do lugar no que o poden consultar, acceder a el, e realizar achegas, no caso de que así o consideren oportuno.